



## ORZAMENTO MUNICIPAL 2016

### PROPOSTA DE ALCALDÍA

Tendo sido formado por esta Presidencia o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico de 2.016, cos base nos Orzamentos e Estados de Previsión a que fai referencia o artigo 168.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, unha vez informado pola Interventora Municipal, remítase ao Pleno da Corporación, previo dictame da Comisión Especial de Contas, en unión dos anexos e documentación a que fai referencia o citado artigo 168.4 e o 166 do mesmo texto legal, para a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio de 2016 que ascende, no Estado de Ingresos a 6.486.000,00 euros e no Estado de Gastos a 6.150.000,00 euros e está integrado unicamente polo Orzamento do Concello de Xove, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

SEGUNDO.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Xove, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

CUARTO.- Dar conta do Informe de cumprimento da Estabilidade Orzamentaria do Proxecto de Orzamento para 2016 e do cumprimento do límite de débeda.

QUINTO.- Dispor a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

SEXTO.- Remitir copia do expediente orzamentario ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia.

Xove, a 7 de decembro de 2.015

O Alcalde,

Asdo. Demetrio Salgueiro Rapa

